


OS CAMIÑOS DO PINDO. MEMORIAS DE VIDA EN VIVO

As mulleres co mundo na cabeza

Salón do Concello
Concello de Carnota
16 de xullo de 2019



Seguindo a liña traballo da Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega destinada á elaboración de vías e medidas que permiten pór en valor e dar visibilidade ás contribucións das mulleres á cultura galega e universal, *Memorias de vida en vivo* é un proxecto interdisciplinar encamiñado a recuperar testemuños, imaxes e voces de mulleres galegas que traballaron e viviron en tempos xa mudados e que hoxe son aínda memoria viva. A historia oral é unha forma de investigación imprescindible para coñecer persoas, relacións e aspectos da realidade social pouco investigados e que non deixaron pegada nas fontes ordinarias, máis abondosas nas pescudas académicas. As mulleres, polo xeral silenciadas e invisibilizadas, fan parte da historia; por iso a súa memoria se configura como unha fonte viva e rica para coñecela en toda a súa amplitude. Cómpre recoller os seus testemuños antes de que desaparezan para así dar conta dunha realidade social que situou e sitúa a vida e o traballo de moitas mulleres como parte da economía chamada “informal”; é dicir, fóra dos circuitos regrados.

PROGRAMA

Os camiños do monte foron, ao longo do tempo, os percorridos polos que as mulleres levaban as mercadorías ás vilas e feiras máis próximas. Na Costa da Morte, o monte Pindo, "o Pedregallo" como lle chaman as xentes que nel habitan, está labrado de pegadas, de historias, de risas, de contos, da vida destas mulleres carrexadoras, sempre co mundo na cabeza. Todas as mercadorías posíbeis circulaban por estes camiños: leite queixos, ovos, peixe, patacas, verdura, sempre, sempre a pé, ás veces mesmo descalzas..., con frío, vento, auga, sol, xeadas etc. Os testemuños de Olimpia, Marisa (a súa Ila) e Marisa (a madriña) son algunhas das voces que, por milleiros, forman esa coral do mundo do traballo en feminino que tan ben capturou a máquina de retratar de Ruth Matilda Anderson nas súas viaxes pola Galiza dos anos 1920-30.

19:00 h. Presentación do documental

As mulleres co mundo na cabeza Os camiños do Pindo Memorias de vida en vivo

Presentan o acto:

Rosario Álvarez. Presidenta do Consello da Cultura Galega

Encarna Otero Cepeda. Membro do grupo de traballo Imaxes e Voces e directora do documental

Marisa Vázquez Oreiro. Protagonista do documental

Ao finalizar o acto haberá una actuación da cantora **Guadi Galego**.

Créditos do documental *As mulleres co mundo na cabeza. Os camiños do Pindo. Memorias de vida en vivo:*

Dirección

Encarna Otero Cepeda

Realización

Grupo de traballo Imaxes e Voces

Encarna Otero Cepeda
Beatriz Pérez Mosquera
Teresa Navarro Quinteiro
Gema Zunzunegui Lamas

Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega

Montaxe

Manuel Gago

Testemuñas participantes

Olimpia Oreiro Formoso
Marisa Vázquez Oreiro
Marisa Beiro Rodríguez (A madriña)

Música

Bea a de Estrella. Disco: *Mar de fóra*. Temas: "Lúa", "Fala o mar" coas pandeireteiras Belén Mato e María Criado e "Cantiga do mariñeiro" con Xaquina López, *Quinina*

Con cariño e recoñecemento a

The Hispanic Society of América;
Cooperativa "Cestola na cachola": Xoana Almar, Miguel Peralta, Raquel Doalto; María Tilve Costas; Mariám Mariño Costales; Google; a todas as mulleres que levaron, levan e levarán o mundo na cabeza; Concello de Carnota.

Localizacións

Concello de Carnota, A Coruña; Onde se Adora; Chan de Lamas; Vilar de Parada; Costa de Louredo

ORGANIZA

Consello da Cultura Galega

COLABORA

Concello de Carnota

LUGAR

Salón da casa do concello

Concello de Carnota

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/>



COLABORA

